

O FARELO

nº 22


NOVEMBRO '08
SEGUNDA ETAPA

REVISTA DE HUMOR QUE RABEA POR PENEIRAR

Os nosos
colaboradores dan
resposta a esta
ingrata pregunta,
sempre cun
sorriso nos
beizos...

Que pasa coa crise?

porque... que
mellor maneira hai
de superala que
sorrindo?



maldita crise!!!

pavel_constantin



xosé_ramón

martirena



martirena

maldita crise!!!



felix_ronda



xosé_manuel



tomy



tomy

De Brasil, Cau Gómez



TEXTO E FOTOS: FRANCISCO PUÑAL

Con máis de 40 premios en diversos festivais e salóns do humor en Brasil e o mundo, entre eles o PortoCartoon, do Porto, Portugal; a Bienal da Caricatura de Santa Cruz de Tenerife, Canarias; o Concurso do Museo do Humor de Fene, Galicia; e o Festival de Foz de Iguazú, o debuxante brasileiro Cau Gómez posúe unha obra imponente caracterizada por un dominio técnico, un trazo forte e unha pincelada de cor que transcende o deseño.

Cau Gómez, xunto a outros caricaturistas brasileiros como Giraldo, Dalcio Machado, Ronaldo, Paulo Caruso e Arionauro, conquistou un recoñecemento internacional ao levar os seus magníficos debuxos a outras latitudes e mostrar un traballo ousado e irreverente, que se ocupa dos problemas máis actuais.

Cau ten 36 anos e naceu en Belo Horizonte. Por máis dunha década, traballou como artista gráfico, caricaturista e ilustrador nos principais medios de prensa de Brasil: Estado de Sao Paulo, Xornal do Brasil, Revista Playboy e outros. Actualmente reside en Bahía e publica os seus debuxos no xornal A Tarde en Salvador, e colabora coa revista Courier Internacional, en Francia.

Os seus debuxos humorísticos, sen texto, ratifican que o autor está sempre en sintonía coa cultura dos seus lectores, e en permanente experimentación.


O debuxo que lle valeu Gran Premio que obtivo no 2002 no PortoCartoon é todo un símbolo, pleno de ironía: un espantallo vestido de turista, con cámara fotográfica incluída, asusta ás aves que se achegan. Sen dúbida, foi un premio merecido pola súa concepción, a súa forza pictórica e porque ratifica como o humor desempeña o papel de adestrador da mente.


O humor -dime Cau Gómez a quen coñecín persoalmente na súa visita a Fene, Galicia, cando recibiu o Premio Curuxa- permíteme respirar creativamente e déixame fluír as ideas, nunha sintonía que potencia o meu traballo de autor.

A ironía -engade Cau- está presente nalgúns dos meus deseños, e é unha arma "mortífera" para atacar e criticar a cegueira dos poderosos.

É un pracer enorme presentar aos lectores de O Farelo a este porten-

toso debuxante e ilustrador brasileiro que defende a tese de que o humor é bo todos os días.





maría_xosé_beceiro "SEX"



falco





tomy



miriam



xosé_manuel


puñal



félix_ronda



Eleccións_municipais



martirena